María Castro Andrade. 1º ESO A

A FLOR VIAXEIRA

Nun vasto e fermoso prado, no ano 2030, había centos de flores de diversos tipos. Unha das máis exóticas era eu. Moita xente viña por aquí, facíanse fotos e merendaban. Pero outros arrincaban as flores por pracer, pero nunca a min. Algúns din que son única ou que o tipo de flor que son extinguiuse; fora o que fose, ninguén se atreveu a facerme nada.

Ata que un día, unha familia instalouse no prado no que estaba e montaron tendas de campaña. Eran unha nena pequena, loira e de ollos castaños escuros e, din por feito, que aquel home e aqueloutra muller eran os seus pais.

Fíxose noite, e os grilos cantaban. Pola mañá, a familia comezou a recoller as súas pertenzas, pero xusto antes de marchar a nena botou unha ollada e colleu tres flores: dous narcisos e a min.

Estivemos viaxando durante uns días e logo paramos nun lugar con grandes campos cheos de tulipáns; era unha imaxe realmente fermosa, como estábamos na primavera alcanzaban todo o seu esplendor. Era un mar de cores, polo que a nai lle contaba á rapaza. Encontrabámonos nun lugar chamado o parque de Keukenhof, en Holanda, o parque de flores máis grande do mundo. Era realmente belido e non me houbera importado quedarme alí, pero ao día seguinte continuamos coa viaxe. A nena botou terra nun tarro e metiume dentro. Dende ese mesmo intre levábame nas súas pequenas mans alá onde ía.

A nosa seguinte parada foi nun lugar chamado Bruxas que estaba en Bélxica. Parecía unha cidade máxica, de contos. Paseamos polos canles e os seus edificios medievais; a pequecha parecía disfrutar finxindo ser unha princesa. Pero logo duns días continuamos o camiño.

Visitamos outro país, o xardín das plantas de París, onde puiden comprobar a gran diversidade de plantas e árbores que había no mundo, algúns dentro de invernadoiros e outros en salas de exposicións. Eu estaba emocionada pola gran variedade de irmás que tiña. Encantábame poder coñecer a máis flores coma min e sentíame afortunada de que a rapaza me coidase tan ben, pero a nosa viaxe xa estaba chegando ao seu fin. Escoitelles dicir que pronto estaríamos na casa e que nos quedaban poucos lugares por visitar.

Logo de saír de Francia estivemos nun lugar que non me gustou nada porque apenas podía respirar, sentía que me afogaba. O aire era gris e púxenme moi triste. A nena debíu notar algún cambio en min porque dicía que estabamos en Barcelona, unha cidade de España onde había enormes edificios que escupían fume. Contábame que iso era a polución. Visitábamos unha zona onde había moita industria, no que era normal que o aire se contaminara con certas substancias que nos afectaban a nós, os seres vivos. Non puiden ver flores coma min pero logo marchamos e dixeron que xa volvíamos a casa.

Chegamos moi cedo, pola mañá. A nena quedara a durmir no coche e como me tiña sobre o seu regazo puiden admirar a beleza da paixase que a partir dese intre sería o meu fogar. Pola xanela puiden ver unha paisaxe colorida, con moita vexetación, outeiros e distintos tipos de árbores e prantas, todo era verde. A nena bocexou, espreguizouse e berrou : “Ben, xa estamos na casa!”. E baixou rápido do coche sosténdome coas súas mans. Comezou a correr por un camiño e sentouse nunha pedra, deixoume sobre a herba e díxome: “Escoita”.

Eran os cantos dos paxaros, aquilo era realmente relaxante e fermoso. E de súpeto, empezou a chover, vin como lle caían as gotas pola cara e como se lle debuxaba un sorriso. Logo, díxome: Isto é Galiza, benvida ao teu novo fogar.

Máis tarde, plantoume no xardín da súa casa e, un tempo despois, naceron moitas máis flores coma min: xa non estaba soa.